

Sr. D.
Alfonso Piñeiro Funcasta
Director do I.E.S. de Ribadeo
O Xardín, s/n
27700 Ribadeo

Ribadeo, 14 de xaneiro de 2014

Os familiares de Dionisio Gamallo Fierros queremos facerlle chegar o noso máis sincero agradecemento pola decisión adoptada nese Instituto de poñerlle o seu nome ao Centro. Pensamos que el estaría feliz de verse unido ao de Ribadeo, vila que amou por riba de todo, para a que traballou arreo e a que cedeu o seu máis importante tesouro: a súa Biblioteca.

Desexariamos tamén que fixese extensivo este agradecemento tanto ao Claustro de Profesores como ao Consello Escolar, ao alumnado e ao persoal non docente dese Centro.

Finalmente, aproveitamos a ocasión para comunicarlle que estamos á súa enteira disposición para calquera cousa que de nós precisen e para brindarlles a nosa colaboración en calquera actividade que redunde en beneficio da comunidade educativa do Instituto.



Antonio Deaño Gamallo